

ANUNCIO

CONCELLO DE PONTECESURES

**EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS POR:
Sumidoiros, Cemiterios, Entrada Vehículos e Reserva Aparcamiento do 2018.
Recollida Lixo do 2018.**

Aprobados pola Tesourería da Deputación Provincial de Pontevedra – ORAL os padróns das Taxas e Prezos Públicos detallados no encabezamento, **poranse ó dispor do público no Concello de PONTECESURES, dende o día 26 de outubro ao 25 de novembro de 2018, ambas as datas incluídas**, podendo os interesados examinalos durante o dito período e, no seu caso, **presentar no prazo dun mes dende o 26 de novembro de 2018, recurso de reposición** previo ó contencioso-administrativo **perante a Tesourería do ORAL** – Deputación Provincial de Pontevedra (artigo 24 de Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL- da Deputación de Pontevedra, BOP de Pontevedra de 30/04/2013, e artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais). **Contra a repercusión, no seu caso, do canon da auga ou saneamento e coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia, poderá interpoñerse reclamación económica-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende o 26 de novembro de 2018.**


O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

De conformidade co previsto no artigo 25 da Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais – ORAL, en relación co artigo 62.3 da Lei 58/2003 xeral tributaria e cos artigos 23, 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, de 29 de xullo de 2005, comunicáselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza das Taxas e Prezos Públicos indicadas, para o Concello de PONTECESURES, será do 26 de outubro ao 26 de decembro de 2018, ámbalas dúas datas inclusive, rematando o día 26 de decembro de 2018.**

As Taxas poderán satisfacerse a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento o obrigado ó pagamento poderá, **ata o día 26 de decembro de 2018**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9-11. Telf. 986 859 993. - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica máis próxima ó seu domicilio.

Os contribuíntes que o día 10 de decembro de 2018 non recibiran nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 26 de decembro de 2018 para os solicitar na oficina indicada e efectuaren o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles, tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria. Dito procedemento executivo, no caso do canon da auga ou saneamento ou coeficiente de vertedura será levado a cabo pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Pontevedra, 17 de outubro do 2018
O tesoureiro,

Miguel Ángel Santirso Fernández

